

## Mondoñedo



# Mondoñedo



MONDOÑEDO, QUE, SEGUNDO ÁLVARO CUNQUEIRO, ILUSTRE ESCRITOR DESTAS TERRAS, É «RICA EN PAN, EN AUGAS E EN LATÍN», OCUPA UN POSTO RELEVANTE COMO CENTRO DE PODER E DE CULTURA NO NORTE DE GALICIA DENDE A IDADE MEDIA.

COMO CABEZA EPISCOPAL, SERÁ A IGREXA A QUE, AO RITMO DOS TANGUIDOS DAS SÚAS CAMPÁS, MARQUE A PAUTA DA VIDA NA VILA, O QUE PODEREMOS APRECIAR CLARAMENTE EN TODO O NOSO PERCORRIDO, TANTO NOS NOMES DAS SÚAS RÚAS, COMA NA GRAN CANTIDADE DE BRASÓNS EPISCOPAIS QUE ADORNAN AS FACHADAS DOS SEUS NOBRES EDIFICIOS. A NOSTALXIA DESTE ANTIGO PODER IRANOS ACOMPAÑANDO EN TODO MOMENTO EN CADA RECUNCHO, EN CADA PASO.

# Imprescindibles

**A** Santuario dos Remedios



**B** Hospital de San Paulo e San Lázaro



**C** Praza do Concello



**D** Catedral e Cantón




**E** Fonte Vella




**F** Barrio dos Muíños e ponte do Pasatempo



# A ruta



- 1 Campo dos Paxariños
- 2 Alameda dos Remedios
- 3 Rúa José María Pardo
- 4 Rúa Bispo Sarmiento
- 5 Rúa Guevara
- 6 Rúa Julia Pardo
- 7 Rúa Andrés Baamonde
- 8 Praza do Concello
- 9 Rúa Concepción
- 10 Rúa do Progreso
- 11 Catedral
- 12 Rúa Pacheco
- 13 Praza de San Xoán
- 14 Rúa Febrero
- 15 Rúa Álvaro Cunqueiro
- 16 Praza de Muíños de Arriba
- 17 Avda Bispo Fernández de Castro



## Mondoñedo

MONDOÑEDO, QUE, SEGUNDO ÁLVARO CUNQUEIRO, ILUSTRE ESCRITOR DESTAS TERRAS, É «RICA EN PAN, EN AUGAS E EN LATÍN», OCUPA UN POSTO RELEVANTE COMO CENTRO DE PODER E DE CULTURA NO NORTE DE GALICIA DENDE A IDADE MEDIA.

COMO CABEZA EPISCOPAL, SERÁ A IGREXA A QUE, AO RITMO DOS TANGIDOS DAS SÚAS CAMPÁS, MARQUE A PAUTA DA VIDA NA VILA, O QUE PODEREMOS APRECIAR CLARAMENTE EN TODO O NOSO PERCORRIDO, TANTO NOS NOMES DAS SÚAS RÚAS, COMA NA GRAN CANTIDADE DE BRASÓNS EPISCOPAIS QUE ADORNAN AS FACHADAS DOS SEUS NOBRES EDIFICIOS. A NOSTALXIA DESTE ANTIGO PODER IRANOS ACOMPAÑANDO EN TODO MOMENTO EN CADA RECUNCHO, EN CADA PASO.

O noso percorrido comeza no **campo dos Paxariños 1**, xunto á **alameda dos Remedios 2**, xa que é un punto de partida con bo acceso dende a estrada N-634 e a autovía A8. Ademais, conta con espazo para aparcар o coche e parada de bus.

Aquí ten lugar a feira equina das San Lucas, que está entre as máis veteranas da Península Ibérica, xa que se vén celebrando, durante os días 17, 18 (festividade de san Lucas), 19 e 20 de outubro, ininterrompidamente dende 1156, por un privilexio concedido polo rei Afonso VII. Paga a pena coñecer a localidade nestas xornadas, nas que, certamente, se poderán saborear e gozar da enxebreza e da

identidade de Mondoñedo, unha das antigas provincias do Reino de Galicia ata 1833.

Na contorna hai, ademais dunha rica historia e moita vida, un interesante conxunto monumental, o **SANTUARIO DOS REMEDIOS**, un templo do século XVIII, de estilo barroco, erixido por orde do bispo Sarmiento, no lugar onde, xa dúas centurias antes, existía un importante centro de devoción mariana.

**P. ANTERIORES** Porta, praza do Concello  
**PÁXINA OPOSTA** Cunqueiro mirando a Catedral.  
**ABAIXO** Santuario dos Remedios.





No campo desta antiga ermida, no ano 1569, o rexedor don Luís de Luaces tivo a xenial idea de celebrar o Día da Árbore, o que converteu a Mondoñedo en pioneiro en facelo en España. O cuarto día do mes de febreiro, cada veciño debía plantar tres árbores, baixo pena de multa; nace así a alameda, un espazo que dende entón serve para pasear, socializar e dar visibilidade á sociedade mindoniense.

No extremo oposto da alameda, erixiuse o HOSPITAL DE SAN PAULO E SAN LÁZARO, unha construción barroca, na que se practicaba a antiga tradición de acollida a peregrinos, leprosos, pobres e anciás. Na súa fachada áchase un dos conxuntos máis espectaculars da heráldica barroca galega, onde campan as armas do bispo Sarmiento, o seu fundador, e da cidade de Mondoñedo. Hoxe en día mantén a súa actividade hospitalaria como centro de asistencia..



No nº 23 da inmediata **rúa José María Pardo** ③, atópase a Casa Bracamonte, un aloxamento turístico situado nun edificio con máis de 150 anos de antigüidade e que conserva o gusto e sabor de outrora.

**ARRIBA** Hospital de San Paulo e San Lázaro  
**ABAIXO** Heráldica do Hospital de San Paulo e San Lázaro

Na **rúa Bispo Sarmiento** ④ atopámonos cunha serie de establecementos que nos comunican unha longa tradición mindoniense, os fornos, para o pan e tamén para a repostería. No nº 35 está a Pastelería Val de Brea, onde se ofrecen a famosa Torta de Mondoñedo e pezas de fino chocolate, coa forma da catedral ou figuras que aluden a pasaxes das obras literarias de Álvaro Cunqueiro.

Tradicionalmente, nestes fornos cocíase o pan, humilde, oloroso e duradeiro, base da alimentación do pobo campesiño, pero tamén se xestaba unha maior felicidade gastronómica para os poderosos, cos doces que elaboraban os mestres reposteiros.

A torta de Mondoñedo está elaborada con masa de follado, biscoito borracho, cabelo de anxo e amendoado crocante, e decorada con coloridas froitas cristalizadas, vermelhas, verdes, laranxas... É o Barroco levado á repostería, a tradición da cal é tan antiga en



Mondoñedo coma a presenza mesma dos eclesiásticos e da arte.

Nesta mesma rúa descubrimos varias placas que fan referencia a Carlos Folgueira, O Rei das Tartas, fillo predilecto de Mondoñedo e afamado mestre reposteiro, recoñecible polo seu xeneroso mostacho e gorro de cociña; unha sinala a súa casa natal, outra alude ao establecemento que rexentou en vida e a última, ao museo.

Un pouco máis adiante, na **rúa Guevara** ⑤, o recendo a forno e a pan acabado de cocer delata á Panadería Rubal e lévanos ao nº 12 onde se atopa. Este establecemento é un referente de toda a comarca, tamén para empanadas, madalenas e bolaría artesás, e moitos considéranos como unha das mello-



**ARRIBA** Celsa, viuda de Carlos Folgueira  
**ABAIXO** Pazo de Santomé



res panadarías de España, polo que non é de estrañar que parte da fornada cotiá que sae do seu obradoiro viaxe cada día á veciña Asturias. Recentemente, comercializaron un estoxo para elaborar pan na casa, que inclúe unha mestura de fariñas, masa nai empregada no obradoiro dende 1965, sal, auga de manancial e a receita da propia panadaría.

Continuamos o noso paseo pola **rúa Guevara** e enlazamos coa **rúa Julia Pardo** 6, onde nos atopamos co antigo **PAZO DE SANTOMÉ**, unha construción do século XVIII que con-


serva na súa fachada os brasóns familiares e presenta unha laboriosa obra de forxa nos seus balcóns. Actualmente alberga as dependencias municipais e o Centro Español de Documentación Espeleolóxica, que consta de sala de exposicións e unha biblioteca que custodia máis de 3.000 volumes especializados. Lembremos que en Mondoñedo se encontra a Cova do Rei Cintolo, a máis grande de Galicia.

Moi preto de alí, os nosos pasos lévannos ao **CEMITERIO VELLO**, o vello camposanto da localidade, unha estupenda ocasión para lembrar, unha vez máis, a Álvaro Cunqueiro, os restos de quen repousan aquí. Este



cemiterio converteuse nun espazo verde para a memoria, no que podemos ver bos monumentos de arte funeraria e visitar as sepulturas doutros homes importantes para a cultura galega, como Pascual Veiga, autor do himno galego ou da famosa Alborada Galega, o poeta Leiras Pulpeiro, que denomina a Mondoñedo cunquiña deleitosa, ou algúns cóngos e eclesiásticos que promoveron o desenvolvemento da cultura na cidade. Esta parada non deixará a ninguén indiferente, xa que o antigo cemiterio converteuse nun lugar de paseo e de encontro coa cultura, ideal para a meditación e tamén, por que non, para contemplar o val.

Na ladeira oposta albíscase o antigo convento de San Martiño de Vilaourente, Vilaourente ou Vilalourente, segundo as diferentes denominacións, coñecido popularmente co nome dos Picos, pola forma do hábito que levaban os primeiros relixiosos que o rexentaron, os terciarios franciscanos.



Retrocedemos sobre os nosos pasos ata O Rei das Tartas, na rúa Guevara, e na esquina coa **rúa Andrés Baamonde** 7, vemos un interesante edificio racionalista, que destaca entre a arquitectura tradicional e acolle o **bar A Bodeguiña**, unha taparía na que poderemos gozar de queixos e embutidos producidos na zona.

Seguimos por esta rúa e chegamos á **praza do Concello** 8, onde chama a nosa atención un sólido edificio cunha gran cheminea, que é a sede do **CONCELLO DE MONDOÑEDO** e presenta unha arquitectura de mediados do século XVIII. O pazo, de boa cantaría de granito, apoiábase na antiga muralla que arrodeaba a cidade e formaba parte dun

**PÁXINA OPOSTA, ARRIBA** Cemiterio Vello  
**PÁXINA OPOSTA, ABAIXO** Praza do Concello  
**ARRIBA** Igrexa de Santiago  
**ABAIXO** La Alianza



o ano 1901. Trátase dun templo de estilo neogótico, obra de Nemesio Cobreros.

Desandamos os nosos pasos para baixar pola **rúa do Progreso** <sup>10</sup>, que foi tradicionalmente un dos principais viarios económicos da vila e acolle pequenas tendas que dende sempre atenderon as necesidades inmediatas dos veciños. Algunhas son tradicionais, coma a xoiaría-reloxaría *Comercial Fermo*, con máis de medio século de antigüidade; outras reconverten locais, coma o bazar *Casa Regina*, que aínda conserva o cartel coa tipografía art decó de Tejdos Losada, Loza y Cristal, e onde podemos atopar artesanía, produtos locais e enxoval. Ademais, se temos que facer algún galano para os máis pequenos, en *Flores Buxo* atoparemos unha ampla

conxunto no que se incluía a capela das Angustias, que daba nome á porta de acceso por ese flanco. Tódolos xoves, en horario de mañá, celébrase na praza unha feira, con todo tipo de produtos, aínda que predomina o téxtil. Ao caer a tarde, comeza o balbordo nas terrazas das viñotecas e dos mesóns, coma *O Petisco*, *O Porriño* e *O Palique*, nos que poder desfrutar da gastronomía local.

Sen abandonar a praza, podemos visitar *Tus Cosas*, onde se organizan exposicións fotográficas sobre a historia da localidade. Así mesmo, ofrécese unha ampla selección de obxectos para agasallar, destacando a serie titulada «A cup of life», protagonizada por aforismos ou proverbios estampados en cuncas, o deseño e a estampaxe das cales son obra do artesán Ricardo Fernández


Pola esquina da Casa do Concello, asoma a torre da **IGREXA DE SANTIAGO**, a chamada Igrexa Nova, sede da parroquia da cidade dende

**ARRIBA** Farmacia Lombardero

**ABAIXO** San Roque no Antigo Consistorio

**PÁXINA OPOSTA** Chegando á praza da Catedral

**P. SEGUINTE** Torta de Mondoñedo









variedade de xoguetes educativos, vintage e mesmo estoxos para montar autómatas.

Sen saír da rúa, a [Farmacia Lombardero](#) recíbenos co seu clásico termómetro no exterior. Dentro podemos recrear o ambiente eterno das tradicionais boticas da vella Europa, con mobiliario de madeira e os clásicos recipientes que gardaban os produtos para executar as fórmulas maxistrais ditadas pola farmacopea. Dende os anos vinte do século pasado está rexida pola mesma familia,



aínda que o establecemento xa fora fundado con anterioridade.

Outro negocio con avoengo é a [Confeitaría La Alianza](#), fundada en 1892, e que se fixo famosa por dar a coñecer, a mediados dos anos 50 do pasado século, a tarta de Mondoñedo. O segredo do seu éxito e da lonxevidade é que realiza unha selección esmerada de ingredientes, todos eles de máxima calidade. A poucos metros albíscase xa o conxunto do **cantón e a catedral** <sup>11</sup>. Na esquina sitúase o vello consistorio, un edificio da segunda metade do século XVI, cunha balconada de ferro forxado e un nicho que alberga a imaxe de san Roque, por un antigo voto que o Concello realizara ao santo protector da

**ARRIBA** Estatua de Álvaro Cunqueiro

**ABAIXO** A vida urbana no Cantón

**PÁXINA OPOSTA, ARRIBA** Celebrando As San Lucas

**PÁXINA OPOSTA, ABAIXO** A praza da catedral

peste e doutras epidemias. Na actualidade é a sede da Biblioteca Municipal e da Oficina de Turismo.



En fronte atópase, a modo de homenaxe, a estatua do gran fabulista [ÁLVARO CUNQUEIRO](#), contador de historias desta vila, poeta, periodista e gastrónomo, entre outras moitas cousas. Mondoñedo foi dende sempre para Cunqueiro o que Macondo era para García Márquez, o que xustifica o protagonismo da escultura do escritor, que contempla serenamente dende o alto, sentado nun banco, o Bosque da Silva, fonte de inspiración para as súas obras e lugar onde transcorren algunhas delas.

No espazo que nos anos setenta e oitenta da pasada centuria chamouse o recuncho dos vagos, vemos, ocupando un edificio do século XVI, [Calenda](#), unha pequena concept-store na que a artesanía e a calidade dos seus artigos de decoración son o seu selo de identidade. En fronte, nunha casa grande da praza, atópase o [Bodegón A Catedral](#), un típico restaurante de comida caseira que foi o gañador do X Concurso de Tapas Cidade de Mondoñedo en 2016.





Descendemos á zona con soportais, coñecida como o CANTÓN, onde se concentra hoxe o rebumbio e se comentan os temas da actualidade mindoniense. No nº 13 atopamos a CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO. Aquí escribiu algunhas das súas obras principais o que foi un dos mellores escritores galegos do século XX. Na planta baixa comparten espazo o punto de información turística, unha zona divulgativa sobre a traxectoria do autor e a Taberna de Galiana.

Xusto ao seu carón, Hortas de Galicia ofrece o mellor do campo de Mondoñedo, apostando polo cultivo tradicional e por unha selección de produtos coma o viño, os licores ou o mel, todos de orixe galego.


Sen abandonar os soportais, os amantes das actividades ao aire libre poderán proveerse de todo o necesario en Xistrail Mountain, unha tenda especializada en roupa deportiva onde peregrinos, montañeiros e espeleólogos



poden equiparse ou repoñer material.

En tódolos cafés da zona podémonos atopar todo tipo de xente, dende cóngos a diferentes comerciantes e outros profesionais da cidade, que é cabeza de partido xudicial.

A CATEDRAL, que foi declarada pola UNESCO Patrimonio Mundial en 2015 como elemento singular dentro dos Camiños do Norte a Santiago, é un edificio robusto, austero e inesperado. Preséntese decontado o seu corazón medieval, románico e gótico. No século XVI-II modificáronse as súas torres medievais e o seu resultado foi a obra barroca actual, cunha altura de 35 metros.



**ARRIBA** Convento das Concepcionistas

**ABAIXO** Rosetón da Catedral

**PÁXINA OPOSTA** Pinturas murais da Catedral



Na torre setentrional tanguen unha das campás máis coñecidas da comarca, a chamada Paula. Este templo é para o visitante coma unha pequena caixa de sorpresas. A máis fermosa delas é o gran rosetón de 5 metros de diámetro que preside a fachada e proxecta sobre o templo un chorro de luz que colorea o interior outorgándolle un aire sobrenatural que convida ao recollemento. No tímpano de entrada podemos ver uns frescos do século XVI que representan a escena da Asunción de María, á que está consagrada a catedral.

No seu interior chaman poderosamente a atención as pinturas murais do século XVI

**ARRIBA** Fonte Vella


**ABAIXO** Monumento a Leiras Pulpeiro na praza de San Xoán

**PÁXINA OPOSTA, ARRIBA** Seminario de Santa Catalina

**PÁXINA OPOSTA, ABAIXO** Capela de San Roque

e de estilo gótico existentes na nave principal, sobre todo a que recrea, no estilo tardo medieval, a escena da, cando o rei Herodes mandou sacrificar a tódolos nenos de Belén para se asegurar de que así morría tamén aquel ao que moitos adoraban nun presebe como o Salvador. Alí aparecen uns soldados armados con espadas que pretenden degolar aos nenos ante o desespero e desconsolo das súas nais, que tentan impedirlo.

Entre as súas diferentes capelas, destaca a do Santísimo, coñecida antigamente como a de María Magdalena, que conserva unha fermosa imaxe de estilo gótico da chamada VIRXE INGLESA, traída, segundo a tradición, polo mariño británico John Dutton dende a catedral de Londres con motivo do cisma anglicano do século XVI. A imaxe porta o símbolo da prestixiosa e exclusiva Orde da Xarreteira, á que na actualidade pertencen, entre outros, a raíña Isabel II de Inglaterra e a duquesa de Cambridge Kate Middleton.



Antes de abandonar a catedral visitaremos o MUSEO DE ARTE SACRA, unha verdadeira xoia, sobre todo a parte superior, onde, a modo de gran faio marabilloso, están as Salas Góticas, chamadas así por se atopar baixo o teitume, cos arcobotantes do edificio á vista. Tamén é interesante a curiosa colección de zapatillas episcopais. A catedral ofrece visitas con audioguías que fan un percorrido por todo o templo.

Deixamos a catedral e seguimos polas **rúas Pacheco** <sup>12</sup> e **Leiras Pulpeiro**, ata chegar ao CONVENTO DAS CONCEPCIONISTAS, un edificio barroco de 1716, aínda que a institución xa a fundara un século antes en Mondoñedo Ma-



ría Pardo de Andrade. A súa portada presenta unha imaxe da Inmaculada e tres escudos vencellados á heráldica da Orde franciscana.

Case en fronte, unha placa lémbra-nos a VICTORIANO LÓPEZ GARCÍA, que recibiu o Premio Goya de Honor en 1990 polas súas achegas ao mundo do cine. Foi fundador e director da que chegaría a ser a Escola Oficial de Cine en Madrid. Polas súas aulas pasaron afamados directores coma Borau, Berlanga, Bardem ou Saura. A súa paixón pola sétima arte vénlle





de familia, xa que o seu avó era o propietario do cine da vila.

Na **praza de San Xoán** <sup>13</sup> atopamos un monumento ao poeta local *Leiras Pulpeiro* e na parte alta e extra muros, como era tradicional nas ordes mendicantes, dispónse o conxunto do CONVENTO DE ALCÁNTARA. A igrexa de San Pedro de Alcántara é hoxe a sede do Centro Cultural de Alcántara e Centro de Interpretación do Camiño do Norte e alí se amosan exposicións interactivas. Pola súa banda, as antigas dependencias conventuais do século XVIII están ocupadas polo Albergue de Peregrinos. O único lugar que mantén o culto é a capela da Venerable Orde Terceira El Camino del Norte viene recorriendo toda la costa cantábrica peninsular y, al llegar a tierras gallegas pasa por Mondoñedo, de ahí las numerosas conchas de vieira y flechas amarillas que encontramos en la villa.

O Camiño do Norte percorre toda a costa cantábrica peninsular e, ao chegar a terras galegas pasa por Mondoñedo, de aí as numerosas conchas de vieira e frechas amarelas que atopamos na vila.

Volvemos sobre os nosos pasos cara á rúa Leiras Pulpeiro, baixamos pola **rúa Febreiro** <sup>14</sup> e chegamos á Fonte Vella, unha obra de 1548, como se le na inscrición, na que se labraron os escudos do bispo Diego de Soto e do rei Carlos I, e que servía para abastecer de auga á pequena urbe de entón. Abrolla

copiosamente, polo que é lóxico entender que, ao estar a casa natal de Álvaro Cunqueiro xusto ao outro lado, o noso escritor tivese a auga coma un dos tres referentes para entender a súa cidade e o seu universo particular.

Na parte posterior do conxunto catedralicio atópase o SEMINARIO DE SANTA CATALINA. O centro transcende a propia preparación de sacerdotes e foi pedra angular na cultura e formación dun bo número de intelectuais en Galicia ata hai unhas décadas, coma por exemplo o que fora director da Real Academia Española Darío Villanueva, o monseñor Rouco Varela, Manuel Fraga Iribarne, o ex-presidente do Consello da Cultura Galega Ramón Villares, etc. Foi un dos tres primeiros seminarios creados en España e tivo que se ampliar no século XIX ao aumentar considerablemente o seu número de alumnos. Hoxe en día, o edificio, ademais de continuar coas súas funcións educativas, é usado tamén como aloxamento.

Continuamos o noso paseo pola **rúa Álvaro Cunqueiro** <sup>15</sup> e chegamos ao barrio dos Muíños, onde se atopa a CAPELA DE SAN ROQUE do século dezaioito. Aínda que, en principio, teñamos a sensación de que estamos saíndo da localidade, en realidade, dende a Idade Media, este núcleo extra muros, cheo de obradoiros artesanais, convive co centro do poder, a parte amurallada.

O latín precisa pan, o pan, fariña e, para moela, están os muíños. A auga que estes precisan achégaa con xenerosidade o pequeno río Valiñadares, afluente do Masma, que, coas súas dúas canles e o leito principal, proporciónalle a este espazo unha nota diferencial e unha enxebreza verdadeiramente auténtica. O barrio está dividido en dúas partes, chamadas de Arriba e de Abaixo, segundo o curso da auga. Na **praza de Muíños de Arriba** <sup>16</sup>, podemos repoñer forzas nun dos establecementos con máis sabor popular de Mondoñedo, *A Taberna do Valeco*, unha acolledora casa de comidas tradicional que nos ofrece bos vinos, acompañados dunha xenerosa tapa salgada, que mesmo a serven tamén co café.

As pontellas e as pontes neste barrio son súas principais marcas de identidade. A máis emblemática é a PONTE DO PASATEMPO, chamada así pola lenda que a acompaña e que fala dunha historia que tivo lugar en tempos dos Reis Católicos. Di esta que os cóngos da Catedral entretiveron, na entrada da ponte, á comitiva da nobre Isabel de Castro, esposa do mariscal Pedro Pardo de Cella, para que non chegase a tempo de salvar ao seu marido, condenado a morte, co indulto rubricado pola raína Isabel. Mentres tanto, a cabeza do mariscal rodaba dende o cadafalso pola praza da Catedral e rebotaba tres veces sobre a dura pedra, despois de que o reo exclamase: «¡Credo... credo ... credo!».



O barrio dos Muíños é hoxe un referente para os artesáns, que abren os seus obradoiros cun afán didáctico e divulgador. En Mondoñedo *Raimundo Rubal* é un referente no mundo da forxa e da escultura en ferro. No espazo contiguo ao seu obradoiro, na avenida de Bos Aires, pódese admirar parte da súa obra, que inclúe imaxinería relixiosa.

Na rúa Muíños de Arriba nº 37, *Esquina Atlántica Alfarería*, ofrece a posibilidade de aprender este oficio. Ao carón da nova ponte que hai na avenida Bispo Fernández de Castro, nunha antiga escola unitaria, chegamos ao obradoiro *Punteiradas de Viladepedra*, do canteiro *Fernando Vilariño*, onde se amosan e se poñen á venda pezas artesás feitas co saber de xeracións de canteiros.

Xusto en fronte, na mesma **avenida Bispo Fernández de Castro** <sup>17</sup>, podemos visitar, previa reserva e confirmación, outro establecemento singular, o de marionetas e teatro de monicreques *Mircromina*, de Ton

**ARRIBA** Celebrando As San Lucas

**PÁXINA OPOSTA** Capela de Santiago

**P. ANTERIORES** Ponte do Pasatempo e barrio dos Muíños



Arenas. A cor e a creatividade ponas [Estudio Estampa](#), na rúa Ponte Pousada nº 7, un obradoiro de deseño e gravado con estampaxe sobre téxtil, papel e outros soportes.

A escasos metros, atópase a pequena e discreta [CAPELA DE SANTIAGO](#), do século XVIII, que nos amosa un Barroco sinxelo, popular, sen vontade monumental, moi acorde coa laboriosidade das xentes que habitaban este barrio. Resulta curioso o seu pequeno óculo central, encima da porta, cunha cruz que lembra un tríscele céltico.

Rematamos a nosa visita paseando polas beiras das canles, entre o discorrer das augas e os muíños parados polo tempo, onde podemos ver as lousas dos lavadoiros individuais fronte a cada casa, usadas noutrora para lavar a roupa, e a [FONTE DOS PELAMIOS](#), cos seus catro canos abrollando sen parar. Chama a nosa atención, enriba da fonte, unha gran pedra de muíño cunha inscrición, sinalada coa súa man pola figura do poeta e periodista José Díaz Jácome, obra do escultor Quique Guerra.

O nome da fonte fai alusión aos curtidos de peles que noutros tempos se manufacturaban nesta zona. Daquela época, consérvase un alpendre ou pendello, usado como secadoiro de peles, gran, roupa...

# Moi preto

## A Cova do Rei Cintolo

A sete quilómetros e medio do centro de Mondoñedo, podemos visitar a Cova do Rei Cintolo, coas súas grutas furadas durante millóns de anos por filtracións de auga nas grandes veas de pedra calcaria existentes na zona e cun desenvolvemento duns 6 500 metros. Ten unhas impresionantes cavidades cheas de estalactitas e estalagmitas que, na súa unión, forman conxuntos espectaculares semellantes a órganos catedralicios. Toda unha aventura, que fará do noso percorrido unha experiencia difícil de esquecer. As visitas organízanse a través da Oficina de Turismo de Mondoñedo.







galicia